

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 29 DE XUÑO DO 2009.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinte e nove de xuño de dous mil nove; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez e Dona Manuela Iglesias Collarte. Non asiste Don Emilio José Cuiñas Otero.-

Está presente o Secretario do concello, Don Pablo Portela Fernández.

Está presente o Interventor do concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan ser os seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 22 de xuño do dous mil nove (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

non houbo

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.

TROCO DE VEHICULO DE AUTOTAXI.-

“Visto o escrito de **Don Celso Sotelo Barroso**, con domicilio na rúa Ribeiro nº 13, 2ºB, desta Vila, no que prega o troco do vehículo matrícula 0054-CPF adscrito á licencia de autotaxi nº 5, por outro novo (Mercedes B-200), matrícula 6373 FYB a Xunta de Goberno Local, tendo en conta que neste Concello non hai modelo homologado desta clase de vehículos, accede ó cambio interesado, polo cal, a partir de agora, a licencia nº5 de autotaxi, desenvolverase co vehículo matrícula 6373 FYB, causando baixa a tódolos efectos, o vehículo matrícula 0054-CPF polo interesado deberán cumprirse tódalas disposicións contidas nos Regulamentos Nacionais e Municipais e mesmo comprometerse a desenvolve-lo traballo da praza de taxi de xeito persoal”.

CUALIFICACIÓN DEFINITIVA

“Visto o expediente a nome do **Concello de Ribadavia** relativo á subvención para actuacións na área de rehabilitación do casco histórico de Ribadavia, consistentes no proxecto de centralización, xestión e redución do gasto enerxético (Actuacións de urbanización nº 6º programa de Rehabilitación integral do casco histórico de Ribadavia), A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Vivenda por importe de 33.671,33 euros, e da Consellería de Vivenda por importe de 30.000 euros, xa que as obras foron executadas de

acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de Colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo”.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

Os membros da Xunta de Goberno Local toman coñecemento dos seguintes:

- 1.-“Do Departamento Territorial de Ourense (Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza), comunicando incoación de expediente sancionador núm. 239/09”.
- 2.- “Da Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade, comunicando escrito relativo a aplicación do Decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación da incidencia ambiental”.
- 3.- “Da Dirección Xeral de Relacións Laborais, comunicando concesión de subvención para a realización de actividades de promoción e fomento do cooperativismo:
 - a) Xornadas de fomento do cooperativismo: 2.100 euros.
 - b) Fomento do viveiro cooperativo: 7.200 euros.
 - c) Estudio do viveiro cooperativo: 4.000 euros.

Así mesmo os membros da Xunta de Goberno, por unanimidade, acordan aceptar dita subvención así como todas prescripcions e condicionantes da mesma de acordo co establecido na Orde do 30-12-2008 (DOGA núm. 6 do 09-01-09)”.

- 4.- “Da Deputación Provincial de Ourense o compromiso de que se subvencione a Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, edición 25 coa cantidade de 15.000,00 €”.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACIÓN LISTADO COBRATORIO DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA 2º TRIMESTRE DO 2009.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta a súa aprobación ao listado cobratorio da taxa polo subministro de auga, 2º trimestre do 2009, por importe de 36.128,63 euros, tarifa de depuración por importe de 7.001,26 euros, máis 3.026,99 euros de IVE, resultando un total de 46.156,88 euros.- Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar o listado cobratorio da taxa de depuración de residuais, correspondente ao 2º trimestre do 2009, por importe de 13.187,54 euros e o Canon de saneamento da Xunta, por importe de 12.135,32 euros.- Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda fixar como periodo cobratorio entre o 10 de xuño de 2009 de o 14 de agosto de 2009”.

CERTIFICACIÓN Nº2 DA OBRA DENOMINADA REHABILITACION DUN EDIFICIO PARA CENTRO MUNICIPAL DE INFORMACION XUVENIL NO CASCO HISTORICO DE RIBADAVIA.-

“Dase conta á Xunta de Goberno Local da certificación nº 2 da obra denominada “Rehabilitación dun edificio para centro municipal de información xuvenil no casco histórico de Ribadavia”, redactada polo técnico director da obra Don Cesar Pichel Rodríguez, executado pola empresa Tecar Galicia S.L. por un importe total de 35.040,97 euros.

A Xunta de Goberno unha vez deliberado sobre o particular adopta por unanimidade os seguintes acordos:

1º. Aprobar a certificación nº 2, anteriormente indicada por importe de 35.040,97 euros, aboamento que se fará con cargo ás aportacións do Fondo Estatal de Inversión Local do Ministerio de Administracións Públicas.

2º.- Aprobar a factura emitida pola empresa Tecar Galicia S.L., co nº 25/09 , de data 08.06.09, pola mesma cantidade.”

3º.- Que se remita o correspondiente expediente o Ministerio de Administracións Públicas.”

CERTIFICACIÓN Nº3 DA OBRA DENOMINADA ACONDICIONAMENTO DO CEMITERIO DE SAN CRISTOVO.-

“Dase conta á Xunta de Goberno Local da certificación nº 3 da obra denominada “Acondicionamento do Cemiterio de San Cristovo”, redactada polos técnicos directores da obra Dona Mercedes Alvarez Garcia e Dona Begoña Arregui Rodríguez, executado pola empresa Milcons S.L. por un importe total de 17.996,39 euros.

A Xunta de Goberno unha vez deliberado sobre o particular adopta por unanimidade os seguintes acordos:

1º. Aprobar a certificación nº 3, anteriormente indicada por importe de 17.996,39 euros, aboamento que se fará con cargo ás aportacións do Fondo Estatal de Inversión Local do Ministerio de Administracións Públicas.

2º.- Aprobar a factura emitida pola empresa Milcons S.L., co nº 090505 , de data 29.05.09, pola mesma cantidade.”

3º.- Que se remita o correspondiente expediente o Ministerio de Administracións Públicas.”

CERTIFICACIÓN Nº2 DA OBRA DENOMINADA PAVIMENTACION BAIXADA O CONSELLO E REPOSICION PAVIMENTACION RUA OLIVEIRA.-

“Dase conta á Xunta de Goberno Local da certificación nº 2 da obra denominada “Pavimentación baixada o Consello e reposición pavimentación rua Oliveira”, redactada polo técnico directo da obra Don Casimiro Fontenla Bugallo, executado pola empresa Milcons S.L. por un importe total de 14.856,09 euros.

A Xunta de Goberno unha vez deliberado sobre o particular adopta por unanimidade os seguintes acordos:

1º. Aprobar a certificación nº 2, anteriormente indicada por importe de 14.856,09 euros, aboamento que se fará con cargo ás aportacións do Fondo Estatal de Inversion Local do Ministerio de Administracions Públicas.

2º.- Aprobar a factura emitida pola empresa Milcons S.L..., co nº 090608 , de data 26.06.09, pola mesma cantidade.”

3º.- Que se remita o correspondiente expediente o Ministerio de Administracions Públicas.”

GASTOS E FACTURAS VARIAS.-

Vistas as facturas e demais documentos xustificativos das prestacións que se expoñen á fiscalización conforme da Intervención municipal e considerando que, existe crédito orzamentario no orzamento de gastos para o exercicio 2009, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, e en uso das facultades en canto á xestión do gasto conferidas polo RD Lexislativo 2/2004 e RD 500/1990, delegadas pola Presidencia, acorda:

Primeiro.- O recoñecemento e liquidación das obrigas e polos importes que a continuación se expoñen, con imputación ás partidas correspondentes.

ASOCIACION RUTA DO VIÑO, pago de porcentaxe de facturas segundo detalle que se adxunta , programa Interreg III A (Rutas do Viño) por importe de 31.696,20 euros.

Segundo.- Comunicar este acordo e ordenar aos servizos de Intervención e Tesourería a súa contabilización e pago.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO